

CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

(Publicado inicialmente na revista *Andoriña*)

A maioría da xente seguimos a estremecernos ante as novas que, con máis frecuencia da que quixeramos, seguen aparecendo nos medios de comunicación. Unha vez máis, un home quíttalle a vida a unha muller. Segue a pasar, unha e outra vez, máis de cincuenta mulleres cada ano, ano tras ano... Mortes que non son máis que a punta visible dun iceberg que dá a cara só cando se converte en nova. No tempo da concordia entre os humanos, da defensa dos valores da paz, do Ano Internacional do Entendemento Mundial... seguen morrendo mulleres pola man de quen tiña que ser o seu compañeiro.

Calquera violencia é rexeitable. Entre nacións, grupos ou persoas, o ideal será sempre buscar xeitos non violentos de arranxar os conflitos. Pero a violencia dentro da familia adquire un carácter máis perverso. Cando un adulto exerce violencia contra un ou unha menor, cando un home exerce violencia contra a súa parella, quen agrede a vítima é quen lle debería proporcionar protección e seguridade. Os efectos deste *sensentido* son devastadores para a vítima, e longa a lista de posibles secuelas; desde o omnipresente síndrome de estrés postraumático ata estados dissociativos, pasando por case calquera outro trastorno psicolóxico: ansiedade, depresión, problemas de alimentación, de aprendizaxe... E a muller experimenta sentimentos de culpa, medo, humillación, vergoña, rabia, impotencia, ira, desesperanza.

Cando se analiza a violencia como un proceso interaccional desenvolvido no tempo obtense outra perspectiva, e cousas aparentemente sen sentido, de repente, téñeno. Con frecuencia a muller que sofre violencia de xénero ten actitudes coidadoras ou salvadoras coas parellas, actitudes que lle impiden deixar a quen lle fai dano, e que lle fan pensar que estas cousas non van voltar a suceder. E noutro momento máis avanzado igual xa o fan imposible. O motivo é que esta violencia busca conseguir control. Hai homes que se ven con dereito a controlar os pensamentos, condutas, relacións e sentimentos da súa parella: “teño dereito sobre ti e exerzo ese dereito”. O controlponse en marcha porque a muller non se somete abondo. Segundo este razonamento (a muller debe estar sometida ao home), a primeira responsable do que pasa é ela, e é culpabilizada e responsabilizada dos actos de violencia del. Para incrementar a sensación de falta de control sobre a situación, a violencia é aleatoria, impredecible, produce terror na agredida, e un funcionamento intelectual e motriz entorpecido, que confirma as descalificacións do agresor e destrúe a súa autoestima. A consecuencia é que facilita o control que buscaba o home.

Non é estraño escoitar o agresor excusarse pola vía de responsabilizala a ela de causar a súa reacción agresiva: “se ela me fíxese caso, isto non pasaría, non tiven máis remedio que facelo, ela xa sabe cómo me poño...”. Eles non se senten culpables, “minimizan” cada un dos actos violentos dos que son responsables achacando á muller a responsabilidade, por provocalo. Eles só fixeron o que se viron obrigados a facer... e elas culpables da situación, pensando que algo deberon facer para merecer o castigo, ata excusan o agresor culpando a factores externos que libran ao agresor da responsabilidade dos seus actos.

O agresor busca ferir a autoestima da agredida. Resulta máis fácil controlar a unha persoa illada familiar e socialmente, dependente, e cunha imaxe negativa de si mesma. O control exerceuse psicoloxicamente (mediante intimidación, coerción, abuso

emocional, insultos, illamento social e economicamente...), e fisicamente, facendo dano de mil maneiras. Pode chegar a ter tal grao de control sobre a victima que esta remata asumindo e aceptando como propio o sistema de valores do agresor.

A estas alturas o proceso interaccional chegou a un nivel no que cada vez a muller cústalle máis pensar con claridade. A pesar de todo, a relación de maltrato ás veces vai evolucionando nunha dirección que a muller chega a plantexarse rompela. A separación supón eleccións difíciles: salvarse supón enfrentarse a problemas económicos, sociais, prácticos... aos que moitas veces ten que se enfrontar soa; a outra opción é seguir soportando a violencia; en silencio, con temor, sentíndose pequena ...

Un dos efectos que adoitan aparecer é que a muller vai quedando cada vez máis soa e illada ata perder boa parte da súa rede social natural de apoio. Ás veces terá escoitado das súas propias familias “tes que aguantar, filliña”. Por riba, foron de novo culpadas pola mesma sociedade que debía protexelas, a través da rede asistencial substitutoria, cos profesionais repetíndolle insistentemente que se separaran del, que o deixaran. O home dicíndolle o que ten que facer, os profesionais dicíndolle o que ten que facer, ás veces sen lle preguntar sequera qué o que ela quere...

Falar de violencia doméstica é difícil porque cuestiona os valores tradicionais e idealizados da familia, porque para a sociedade é un elemento de fracaso, e porque as súas vítimas lles avergoña. As mulleres que a sofren non queren falar dela polo medo e a vergoña; os homes que a exercen non queren falar dela porque son conscientes de que recorrer á violencia cuestiona a súa autoridade. Os demais igual miramos para outro lado.

As nosas sociedades preséntanse cada vez máis concienciadas e preocupadas; cada vez empréganse máis medios en combater este fenómeno, chámalle lacra, fanse declaracións, manifestacións, celébranse efemérides... e as mulleres seguen morrendo. Cada morte dunha muller nestas condicións é un fracaso de toda a sociedade. Como mínimo, nas súas tarefas de preparar a cada membro para o integrar nunha convivencia pacífica cos demais. E igualitaria, sobre todo igualitaria, onde ambos sexos poidan vivir unha realidade na que a paridade é un feito, máis aló dunha palabra nun papel.

O MACHISMO

A presenza de grandes desigualdades entre os dereitos de mulleres e homes nas distintas sociedades non é nova: si é o recoñecemento que se fai delas. Como exemplos baste recordar que case ata o inicio dos anos 80 no noso país a muller pasaba da tutela do pai á do marido cando casaba (sempre dependente dun home), e obtiña a maioría de idade aos 23 anos (o home, con 21). No caso da violencia, as mulleres que abandonaban o fogar por esta (ou outras razóns) eran obrigadas a voltar por parte das forzas de orde público.

Na actualidade, e como resultado do traballo e a loita de colectivos de mulleres e de organizacións feministas, xunto cos cambios sociais que se foron producindo sobre todo a partir da II Guerra Mundial, as desigualdades fóronse reducindo nos distintos ámbitos. Ata acadar un grao de inclusión en todos os sectores sociais queda moito por facer.

Unha das consecuencias máis graves da desigualdade de xénero é a violencia de xénero. Seguramente a sociedade seguirá a fracasar na súa prevención mentres persista o

machismo, a base do problema. E o machismo forma parte constitutiva do noso mundo, a pesar dos avances. Conforme se poida ir acadando, de feito, unha cultura máis igualitaria entre xéneros, serán menos as situacións que desencadean estes sucesos.

Unha cultura cun sistema de valores machistas outorga o predominio ao home e fai da muller un xénero invisible. Que unha sociedade sexa machista non quere dicir que nela todos os homes sexan uns desalmados, ou irrespectuosos coas mulleres; quere indicar que estas actitudes son o caldo de cultivo onde se xeran as explicacións xustificativas sobre as actitudes violentas contra as mulleres.

Unha sociedade así propicia que o home sinta como lexítimo o intento de control sobre “a súa” muller: ten dereito a saber a onde vai, o que fai... ten dereito a “corrixila” e poñela no sitio que lle corresponde (por debaixo del), ten dereito a esixir dela certas “obrigas”... porque el ocupa un lugar superior, somentes polo feito de ser un home: non é porque fose acordado así por ambos, ou porque teña maior habilidade ou capacidades... sinxelamente porque é un home. E se a muller decide que este plantexamento é inxusto, ilexítimo, inasumible, e se rebela... o home ten dereito a controlala e sometela polos medios que precise. E aí entra a violencia e a agresión: hai que facer máis pequena e insignificante a muller para sometela mellor, hai que humillala, hai que provocarlle medo, asustala, recordarlle que non serve para nada, que é fea, que ninguén vai querela...

UNHA CUESTIÓN IDENTITARIA

A construción da identidade persoal é un fenómeno complexo no que interveñen diversos factores. Nacemos cunha constitución que esencialmente determina a nosa identidade sexual: o sexo fainos anatómica, fisiolóxica e fisicamente diferentes. Pero o xénero é outra cousa. A construción dos roles socialmente actuados por uns e outras varían ao longo da historia e entre culturas. A nosa identidade psicolóxica vaise formando en millóns de interaccións con outras persoas no medio familiar e social (escolar incluído): é no proceso de socialización e despois ao longo da vida adulta, onde se constrúe a identidade de xénero, en base á observación de actos e consecuencias sobre outras persoas. Nesta construción por modelaxe serán de vital importancia as prácticas da vida doméstica, as prácticas da vida cotiá, do sistema educativo, os medios de entretemento e comunicación, a publicidade, a rede...

Estas prácticas teñen como características comúns describir, prescribir e prohibir condutas, e neste proceso de socialización de xénero vaise construíndo a identidade como home ou muller. A identidade de nenas e nenos non se constrúe da mesma maneira, as normas que cada sociedade e cultura teñen para cada sexo non teñen a mesma consideración social, cunha clara asimetría entre elas.

ÁMBITOS DE SOCIALIZACIÓN

Realizáronse estudos en distintos ámbitos de socialización que demostran a diferenza de trato dado segundo os xéneros. A modo de exemplo, presentamos algúns datos referidos ao ámbito doméstico e aos medios.

NA CASA: nun traballo de investigación de Lucila Fink titulado "El reparto del trabajo doméstico en la familia" (www.ceapa.es) pódense consultar as diferenzas de tarefas asignadas na casa e os roles atribuídos a homes e mulleres na familia española. Para comezar, hai unha diferenza notable entre as mulleres que fan traballo doméstico (50%) e os homes (1%), proporción que cambia radicalmente se preguntamos quen fai traballo remunerado (38% as mulleres e 86% os homes). Respecto á participación da parella no traballo doméstico (facer a compra, lavar a roupa, cociñar, pasar o ferro, sacar o lixo, e lavar o coche), estamos empatados en sacar o lixo; en todas as demais as mulleres gáñannos por goleada, agás nunha... ¡lavar o coche!. Cando se comparan as tarefas que fan os menores segundo sexan fillos ou fillas, os resultados tamén lles dan vantaxe ás fillas, aínda que as diferenzas son menores que no caso dos adultos. ¿E adiviñades qué? Tamén os fillos lavan o coche en maior proporción que as fillas. Fink di: “Na medida que a familia segue a ser o grupo de referencia máis importante na socialización da persoa, a división do traballo doméstico constitúe un laboratorio social de primeira magnitude para analizar cómo se aprenden os roles, cómo se comparten, asumen, ou eluden responsabilidades, qué expectativas se xeran segundo a idade, o xénero ou as ocupacións”. Con estes números estamos aviados.

NOS MEDIOS: noutra investigación (“La socialización de género a través de la programación infantil de televisión”. Trabajo de Investigación en materia de Igualdad de Oportunidades entre Mujeres y Hombres) Eva Antón Fernández analiza a programación infantil que se pode ver nese intre en Castela-León, e da publicidade que aparece neles. Un dos aspectos investigados é a visibilidade e relevancia das personaxes femininas e a diferenza porcentual dos papeis sociais de “home” e “muller”, reflectidos nos debuxos animados da programación infantil; atopouse que no 12% dos casos non había personaxes femininas, e no 26% dos casos a presenza feminina era significativa e relevante. En canto aos papeis sociais reflectidos, no 80% dos casos aparecían homes realizando actividade laboral, e só o 30% das mulleres; proporción que de novo se invirte cando se trata de ver as tarefas domésticas (21% as mulleres e un 3% os homes). Cando se analizou a publicidade emitida neste horario atopouse que no 65% dos casos estudados saía exclusivamente voz masculina, no 13% era a dominante, no 7% apreciouse equilibrio de voces, e no 14% a voz era exclusivamente feminina. Parece sínxelo compartir con ela: “O papel obstrutivo dos medios de comunicación, que recrean constantemente unha visión reduccionista e estereotipada dos sexos, púxose de manifesto desde numerosísimos estudos que empregan a perspectiva de xénero, e contempladas nas distintas normativas igualitarias, desde onde se insiste na necesidade de implicar aos medios de comunicación no seu conxunto, e aos seus colectivos de profesionais, no ofrecemento dunha imaxe social dos xéneros máis plural, diversificada, conciliadora e acorde cunha nova cultura da igualdade entre os sexos que contribúa a facer efectivo un cambio de mentalidades”.

Igual é por esa transmisión cultural que non estamos a falar dos nosos avós. Falamos de adolescentes que controlan as súas parellas véndolle o móbil, pedíndolle contas de a onde e con quen vai, que non lles gusta que estea con esa amiga, que cómo agregou aqueloutro no facebook... de mil xeitos diferentes el dille a ela “teño dereito sobre ti, a controlar o que fas e a decidir sobre a túa vida”. O mínimo que nos corresponde como educadores, desde os colexios e as familias, é concienciarnos da realidade de xénero da que estamos a falar, e estar atentos ao benestar das nosas familias. As maneiras en que as persoas buscamos o xeito de convivir en parella foron diversificándose no tempo; calquera relación pode ser válida. Pero temos a obriga de aprenderlle as nosas fillas que

non deben aceptar relacións nas que sexan desvaloradas, que se lles falte o respecto ou que se lle tenten impoñer cousas polo simple feito de seren mulleres.